

**RESTITUCIÓN DA SITUACIÓN PREVIA
Á FORMACIÓN DO VERTEDOIRO DE TERRAS
REALIZADO DURANTE AS OBRAS DE
CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DO CORREDOR
CG-4.1. SUBTREITO III: PP.QQ. 7+300 – 11+150**

CLAVE: PO/22/166.09

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a restitución da situación previa do vertedoiro de terras realizado durante as obras de conversión en autovía do corredor CG-4.1, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no punto 2º do Auto do 1 de marzo de 2022 do Xdo. Contencioso/Admto. N.1 de Pontevedra no procedemento ordinario núm. 358/2017. A parcela empregada sitúase na marxe dereita do enlace de Meira (concello de Moaña) no entorno do punto quilométrico (P.Q.) 7+360 da AG-46.

Tamén se proxecta un aparcamento disuasorio nunha parcela ao norte da AG-46, no P.Q. 4+800, conectándose mediante catro ramais a ambos os sentidos de circulación da autovía adxacente.

2. Plan de Estradas

A estrada AG-46 é unha Autovía da Rede Estruturante de estradas da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As actuacións a realizar serán:

- Parcela situada no P.Q. 7+360: retirada completa dos materiais que forman o vertedoiro e restitución ao estado orixinal. Restitución do rego da Fraga, o cal discorría pola parcela afectada e foi canalizado dando lugar a dous leitos que rodean dita parcela. Para evitar acumulacións de auga proxéctanse gabias de terra baixo os novos noiros, desaugando ao Rego da Fraga, que rodea o ámbito de actuación. Revexetado do ámbito mediante sementa e arboledo.

- Realízase a análise de alternativas para a localización do depósito final das terras retiradas, optándose por unha antiga canteira en Bueu.

- Parcela situada no P.Q. 4+800: construción dun aparcadoiro disuasorio, previo saneo da mesma. A creación do aparcamento disuasorio forma parte dunha estratexia de eliminación de vehículos pesados da área metropolitana de Vigo, polo que se crea dentro do aparcamento unha parada de autobús, que posibilitará a definición dunha rede de autobuses lanzadeira entre o aparcamento e Vigo, así como outras poboacións da área metropolitana. O acceso á zona de aparcamento realízase mediante as novas ligazóns que conectan coa autovía e tamén mediante un camiño que discorre entre os dous pasos inferiores da AG-46, bordeando polo N a parcela, e cun vial perimetral que conecta con todas as prazas deseñadas. Dispón de 194 prazas de aparcamento (4 para vehículos pesados e 6 para persoas con mobilidade reducida). O deseño do aparcamento trata de aproveitar toda a superficie chaira co material extraído das obras de transformación do Corredor do Morrazo en autovía, polo que se integra na contorna adaptando as rasantes ao terreo natural, establecendo plataformas de estacionamento a diferentes cotas e co axardinado dos espazos libres do aparcamento. Tamén se realizará a preinstalación para a implantación dunha estación de servizo (da a inexistencia destas na autovía do Morrazo).

4. Características técnicas

Seccións tipo do aparcamento:

- Vial perimetral do aparcamento: carril 3 m + beiravías a ambos lados de 0,50 m + berma exterior de 0,50 m.
- Varios intermedios do aparcamento: sección total de 5,50 m. Nas zonas nas que existe aparcamento en batería dispónse unha franxa de 1 m en cada marxe do vial para o tránsito peonil xunto aos vehículos.
- Ramais: carril de 3,50 m + beiravía interior de 2,50 m + beiravía exterior de 1,50 m + bermas de 1 m a cada lado.
- Itinerario peonil: plataforma de formigón de 2,50 m.
- Camiño: mantense a sección actual.
- Glorieta: 1 só carril de 8 m.

Firmes e pavimentos do aparcamento:

- Viais intermedios: 5 cm mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC16 surf 50/70 D + 20 cm de saburra artificial 0/20.
- Vial perimetral: 5 cm MBQ tipo AC16 surf 50/70 D + rega de adherencia termoadherente con emulsión C60B3TER + 5 cm MBQ tipo AC22 bin 50/70 S + rega de imprimación C60BF1IMP + 20 cm saburra artificial 0/20.
- Ramais: 4 cm MBQ tipo AC16 surf 50/70 D + 5 cm MBQ tipo AC22 bin 50/70 S + 7 cm MBQ tipo AC22 base 50/70G + 25 cm saburra artificial 0/20.
- Cuñas de nova construción: repónse unha capa de 5 cm de beiravía da autovía. No caso doutros ramais, tamén se repón a beiravía da g-46 nunha franxa de 5 cm dende o contacto entre o eixo do ramal e a estrada principal.
- Prazas de aparcamento: pavimento formado por unha cela plástica drenante de 52 cm sobre un encachado drenante e un xeotextil.
- Itinerarios peonís: baldosa hidráulica de 40x40 de 6 cm de espesor, de acabado superficial granallado e cores gris e negro, asentada con morteiro de cemento de 5 cm de espesor + 15 cm de formigón en masa HM-20 + 15 cm de saburra artificial 0/20 sobre a chaira compactada.
- Camiño: 30 cm de saburra artificial cun tratamento superficial sobre a superficie (modifícase a rasante para garantir o acceso dende o camiño ao aparcamento).
- Itinerario peonil por diante das prazas de aparcamento destinadas a persoas de mobilidade reducida: 18 cm formigón para firmes.

Drenaxe:

- Parcela a restituír: rede de pluviais formada por unha serie de gabias que permiten desaugar na canalización perimetral existente.
- Aparcamento: rede de pluviais formada por 10 colectores. A maioría das pluviais canalízanse pola gabia interior do camiño existente ao norte da parcela, desaugando cara o rego existente canalizado baixo a autovía, mediante un salvagabias. As prazas de aparcamento nas partes contiguas aos viais dispoñen de rígoas. Nos noiros do aparcamento e dos ramais, dispóñense bordos e baixantes.

Muros: execútanse 2 muros sobre os pasos inferiores da autovía dunha altura máx. de 2,50 m e unha lonxitude de 24 e 20 m.

5. Unidades principais de obras

Desmorte ou escavación en terras	227.687,06 m ³
Terraplén ou recheo todo-un con terreos de escavación	74.135,01 m ³
Formigón bituminoso en quente AC 22 bin 50/70 S	1.307,65 tn
Formigón bituminoso en quente AC 15 surf 50/70 D	1.753,96 tn
Pavimento de formigón HF-3.5	3.256,93 m ³
Betume mellorado con caucho BC 50/70	174,16 tn
Formigón bituminoso en quente AC 22 base 50/70 G	613,68 tn
Instalación celda drenante	2.312,50 m ²
Soleira de formigón HM-20 en base de firme (10cm)	2.312,50 m ²

Prelousa de formigón ata e=8cm	585,00 m2
Aceiro B500S	24.696,00 kg
Viga tipo artesa, h=180 cm >33m	84,00 m
Pretil metálico nivel H3 e anchura de traballo W3 a W6	106,00 m
Barreira de seguridade metálica N2, W5, A	2.029,73 m
Conductor unipolar de Cu: 240 mm2 RZ1-K (AS) Cca 0,6/1 kv	1,450,00 m
Canalización enterrada para liñas 4xDN110 en zanja	900,00 m
Césped semillado con mantemento	3.517,50 m2

6. Poboación Servida

Moaña 19.315 hab.

TOTAL: 19.315 hab. (I.G.E.)

7. Concellos Afectados

Moaña

8. Expropiacións

Aféctase a 2 parcelas, unha a altura do enlace de Meira cuxo obxectivo é restituíla, e outra á altura do P.Q. 4+800 da AG-46, sen xerarse expropiacións en ningún dos dous casos.

9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.


10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	3.832.799,57 €
Orzamento Seguimento Ambiental durante as obras	13.050,00 €
Orzamento para coñecemento da administración	3.845.849,57 €


11. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
Moaña	AG-46	3.845.849,57 €	100


PLANO DE SITUACIÓN



RESTITUCIÓN PARCELA



APARCAMENTO DISUASORIO



SECCIÓNS APARCAMENTO DISUASORIO

